Os diferentes servicios que integran o organigrama do Concello de Lugo realizan tarefas que teñen como finalidade a xestión, resolución e comunicación dos diferentes trámites administrativos ós cidadáns que a eles se achegan, así como de todos aqueles asuntos nos que intervéñen a administración local e que teñen como fin último o prestar ós cidadáns un servicio eficaz e plenamente satisfactorio para os mesmos, facilitando información referida á actividade que se desenvolve no Concello, tanto dende o punto de vista da xestión de servicios como de outras actividades de interés.

Na actualidade, a oficina de Información e Atención ó Ciudadán atende demandas de información e ofrece apoio á xestión sobre múltiples temas, tales como:

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo	FECHA	09/08/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	xqTUz3I90QQmAEfWU2K4Hw==	PÁGINA 25/35



- Tramitación e derivación de peticións ós servicios correspondentes.
- Préstamo de locais municipais.
- Rexistro municipal de asociacións.
- Tramitación das subvencións para mantemento e actividades das asociacións.
- Información municipal.
- Libro de queixas e propostas.
- Recollida dos avisos de avaría.
- Etc..

Dentro dos plans de mellora e modernización que este Concello leva a cabo, inscríbense as actuacións conducentes á informatización e integración de sistemas, así como a adaptación e modernización dos servicios municipais e as súas relacións cos cidadáns.

O Concello de Lugo, percibe a necesidade de manter un Servicio de Atención Telefónica ó Cidadán, que operará a través do número telefónico 010, especializado en atención ó público e integrado por persoal con coñecementos dos procedementos e os obxectivos de atención definidos polo Concello. Dito servicio basease nunha plataforma informática integrada de voz e datos baseada en estándares de tecnoloxía CTI, dotada de todos os elementos necesarios, en número e funcionalidades, que facilite as ferramentas para o desenvolvemento de ditos obxectivos de xeito eficaz, todo elo con arreglo á seguinte proposta de prego de prescipcións técnicas:

1. PRESTACION DO SERVICIO SERVICIO DE ATENCIÓN TELEFÓNICA Ó CIDADÁN 010. (teleoperadores)

2. OBXECTO

O presente prego de prescipcións técnicas ten como finalidade a contratación dun Servicio de Atención Telefónica ó Cidadán que actúe como elemento centralizador das consultas, solicitudes de información e tramitacións que os cidadáns dirixan ó Concello de Lugo, a través das diversas vías que o propio Concello habilite a tal efecto, incluíndo os medios persoais necesarios para o desenvolvemento de todas as actividades deste servicio, e cos seguintes obxectivos:

- A explotación dun Servicio de Atención Telefónica ó Cidadán, adaptable a calquer cambio organizativo ou a novas necesidades do servicio, mediante a aportación de todo o persoal necesario.
- Dar apoio e asesoramento ós usuarios do servicio naqueles trámites ou xestións que o Concello estableza.
- A implementación dun modelo de atención, baseado en aspectos como a actitude dos profesionais dos servicios de información ante o cidadán, a optimización dos tempos de resposta e a correcta cualificación dos propios profesionais que deben atender as demandas individuais.
- A utilización dunha plataforma tecnolóxica integrada de voz e datos baseada nos estándares tecnolóxicos CTI do mercado, axeitada e

Código Seguro de verificación:xqTUz3I90QQmAEfWU2K4Hw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo		FECHA	09/08/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura			
ID. FIRMA	afirma.pro	xqTUz3I90QQmAEfwU2K4Hw==	PÁGINA	26/35


xqTUz3I9000mAEfwU2K4Hw==

suficiente para xestionar a demanda que se produza, según os niveis de servico que se establecen no presente prego.

- Rexistrar todas as comunicacións e actuacións realizadas, e facer un seguimento das mesmas derivadas a outros servizos.
- Proporcionar estatísticas completas do nivel de cumprimento de servico, así como informes de chamadas, consultas e xestións, agrupados por diferentes niveis ou conceptos, que permitan obter visións a distintos niveis de detalle, da actividade no Servizo de Atención Telefónica ó Cidadán.
- A realización de actividades de colaboración para o mantemento de datos actualizados dos servizos municipais na páxina web, mediante a transmisión de datos para a súa publicación.
- Atención de chamadas entrantes na centralita municipal a fin de dirixilas e canalizalas a cada departamento e ao seu persoal".

3. CONDICIÓN XERAIS

O licitador deberá facer constar na súa oferta que coñece, acepta e se compromete a cumprir tódolos requirimentos indicados no presente prego de prescricións técnicas.

Nas ofertas presentadas non se deberán incluír variantes nen opcións.

Para concorrer ó presente concurso, o licitador deberá acreditar o cumprimento e a posesión da certificación ISO 9001 ou asimilable.

O licitador indicará, de xeito exhaustivo, o plan de traballo que se vai realizar, e poderá incorporar os elementos descritivos que considere oportunos.

Todas as melloras que se inclúan na oferta deberán figurar baixo un apartado independente e definidas como "Melloras ás Prescricións Básicas".

Todos os produtos, documentación e, en xeral, propiedade intelectual desenvolvida ou producida como parte dos subministros ou prestación de servizos obxecto deste prego pasarán a ser propiedade do Concello.

Os prezos da oferta deberán ser sempre co IVE incluído.

4. PRESTACION DO SERVICIO DE ATENCIÓN TELEFÓNICA Ó CIDADÁN 010 (teleoperadores)

4.1 REQUISITOS TÉCNICOS.

O servizo atenderá demandas como mínimo a través dos seguintes medios:

- Telefónico
- Correo electrónico /WEB
- Fax
- As derivadas da inclusión do Concello de Lugo nas diferentes redes sociais

O adxudicatario deberá xuntar á súa oferta un **plan de formación** que deberá incluír necesariamente as accións formativas destinadas a favorecer a integración do propio persoal do Concello cos novos procedementos e tecnoloxías que se implanten.

Código Seguro de verificación:xqTUz3I90QQmAEfwU2K4Hw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

Código Seguro de verificación:xqTUz3I90QQmAEfwU2K4Hw==, Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.				
FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo		FECHA	09/08/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura			
ID. FIRMA	afirma.pro	xqTUz3I90QQmAEfwU2K4Hw==	PÁGINA	27/35
 xqTUz3I90QQmAEfwU2K4Hw==				



xqTUz3I90QQmAEfwU2K4Hw==

Asimesmo, incorporara, unha oferta de:

- Campañas específicas de duracion determinada (3 meses)

4.1.1 Cualificación dos medios persoais.

A empresa adxudicataria deberá dispor do persoal de atención telefónica necesario e con suficiente cualificación para garantir o desenvolvemento dos traballos obxecto do presente prego. As ofertas presentadas detallarán o perfil profesional de cada un dos membros do equipo de traballo encargado da prestación do servizo, conformando estes un equipo solvente, tanto técnica como profesionalmente. Co obxecto de contrastar os datos facilitados, o Concello resérvase a facultade de efectuar entrevistas persoais e probas de cualificación.

A empresa adxudicataria designará un responsable que actuará como interlocutor ante o Concello de Lugo.

As ofertas contemplarán un total de 3 operadores de atención telefónica e un coordinador/a.

O perfil específico requerido para o posto de operador será o seguinte:

- Experiencia laboral mínima en atención telefónica de 1 ano.
- Formación a nivel medio.
- Capacidade de comunicación persoal e capacidade resolutive.
- Característica de voz neutra.
- Capacidade de organización.
- Práctica no manexo de terminais informáticos e sistemas CTI.
- Dominio da lingua galega.

4.2 TEMPO E FORMA DE EXECUCIÓN.

Previo ó inicio da explotación do servizo propiamente dito, o adxudicatario deberá realizar as seguintes accións relativas a análise documental e de procesos:

- Análise da situación actual.
Realizarase unha análise pretendendo coñecer a situación actual do Concello de Lugo, os seus modos organizativos e os puntos críticos que presenta a actividade de relación co cidadán, identificando os distintos procesos así como os medios técnicos e persoais dispoñibles.
- Misión e formulación de obxectivos.
Identificaranse os obxectivos estratéxicos e operativos que se propoñen no periodo do contrato.
- Identificación dos puntos críticos e medidas de mellora.
Identificaranse aquelas tarefas, actividades e procesos que son susceptibles de mellora e que deberían realizarse a través do Servizo de Atención Telefónica ó Cidadán
- Rediseño de procesos.

Código Seguro de verificación:xqTUz3I90QQmAEfWU2K4Hw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo		FECHA	09/08/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura			
ID. FIRMA	afirma.pro	xqTUz3I90QQmAEfWU2K4Hw==	PÁGINA	28/35


xqTUz3I90QQmAEfWU2K4Hw==

Tendo en conta os procesos existentes relacionados ca interacción do Concello co cidadán, os puntos críticos a mellorar e as medidas propostas, desenvolveranse novos procesos máis eficaces e eficientes.

Os licitadores deberán especificar nas súas ofertas os recursos persoais e técnicos destinados á realización desta fase previa, indicando, no caso dos recursos persoais, os perfís profesionais de todos os membros do equipo que intervirán nestas accións.

Para a realización dos traballos, será necesario asemade que dada a ubicación externa do "call centre", e a conexión de telefonía sobre IP, farase necesario establecer unha comunicación segura entre as oficinas onde se preste o servizo del 010 e a rede do Concello. Esta comunicación realizarase mediante túnel VPN contra os Firewalls perimetrais do Concello de Lugo, e deberá estar redundada mediante accesos con dous provedores diferentes, de forma que se garanta en todo momento a cobertura do servizo.

A infraestrutura deberá contar con SAIS para garanti-lo normal funcionamento do Servizo durante un mínimo de dúas horas se se producen cortes de corrente eléctrica

Estas tarefas realizaranse en coordinación co persoal do Concello designado a tal efecto.

4.2.1 Planificación, Dirección e Seguimento dos Traballos.

A valoración final da produtividade e calidade dos traballos dos medios persoais que realicen o servizo corresponde ó Concello, na persoa responsable que o mesmo designe, sendo a súa potestade solicitar o cambio dos medios persoais por outros de igual categoría, mediante aviso con 15 días de antelación á empresa adxudicataria.

O contacto directo dos medios persoais que realicen o servizo co usuario final realizarase según as directivas que fixe o Concello ó respecto.

O Concello, a través do representante que designe, poderá fixar reunións periódicas co adxudicatario co fin de determinar, analizar e valorar as incidencias que, no seu caso, se produzan na execución do contrato.

O Concello facilitará, coas medidas de seguridade previstas no Esquema nacional de Seguridade aprobado polo Rd 3/2010, do 8 de xaneiro, o acceso controlado aos datos precisos para unha óptima prestación do servizo.

4.2.2 Incorporación dos medios persoais.

O prazo para a incorporación dos medios persoais ofertados polo adxudicatario será inmediata dende a Formalización do contrato.

Durante o periodo de tempo inicial no que se realicen as labores de implantación, o adxudicatario destinará recursos á realización dun estudo de procesos e análise documental, ou de axuste para a realización efectiva dos traballos.

Código Seguro de verificación:xqTUz3I90QQmAEfWU2K4Hw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo	FECHA	09/08/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	xqTUz3I90QQmAEfWU2K4Hw==	PÁGINA 29/35
 xqTUz3I90QQmAEfWU2K4Hw==			

O persoal actual asignado ó servizo de teleoperacion nas súas distintas funcións, deberá ser subrogado á empresa adxudicataria, respetando os seus dereitos laborais.

4.2.3 Substitución dos medios persoais.

Si durante a execución do contrato, a empresa adxudicataria propuxera o cambio dalgún dos medios persoais que realizan o servizo, a substitución de dito persoal requirirá en todo caso o cumprimento das seguintes condicións:

- Xustificación escrita, detallada e suficiente, explicando o motivo que suscita o cambio.
- Presentación de posibles candidatos cun perfil de cualificación técnica e profesional igual ou superior ós da persoa que se pretende substituír.
- Aceptación do candidato por parte do Concello.

En todo caso, a solicitude de cambio deberá realizarse con 15 días de antelación.

No suposto de que se produza a substitución de algún dos medios persoais, e co obxecto de evitar os inconvenientes que se poidan dar na continuidade dos traballos que realiza a persoa a substituír, subsanarase cun período de solapamento sen coste adicional de dúas semanas. Si esto non fora posible por causas imputables ó adxudicatario, as catro primeiras semanas de traballo do substituto non serán facturables.

4.2.4 Tarifas de Penalización.

A efectos de penalización, considéranse as seguintes tarifas:

Posto	Importe/Hora	Importe/Día
Operador	24,40	195,20

Os postos non cubertos temporalmente non serán aboados durante os días laborables que permanezan sen cubrir, descontándose do importe mensual da factura, dacordo ca tarifa indicada na táboa anterior.

O abandono do persoal do equipo do proxecto verase penalizado co importe de cen (100) horas según a tarifa indicada na táboa anterior.

Toda solicitude de cambio de persoal realizada con menos de 15 días naturais de antelación será penalizada co importe de 50 horas según a tarifa indicada na táboa anterior.

Todo aquel posto que, 20 días laborables despois da solicitude de cambio, non teña sido cuberto, se penalizará co importe de 150 horas según a tarifa indicada na táboa anterior.

4.2.5 Lugar e horario de prestación do servizo.

A prestación dos servizos obxecto do presente prego levarase a cabo nas instalacións que a ofertante dispoña ó efecto. Para o correcto funcionamento nesta ubicación fora das instalacións municipais, será obrigatorio que a tecnoloxía aplicada ós sistemas telefónicos sexa de voz sobre IP.

Código Seguro de verificación:xqTUz3I90QQmAEfWU2K4Hw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo	FECHA	09/08/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	xqTUz3I90QQmAEfWU2K4Hw==	PÁGINA 30/35


xqTUz3I90QQmAEfWU2K4Hw==

O servizo prestarase en horario en principio establecido de luns a venres dende as 8:30 horas ás 20:30 horas de xeito ininterrompido, e os sábados dende as 9 horas ás 14 horas.

Si por calquer circunstancia, e en especial debido á maior demanda dos usuarios, fora necesario incrementar ou variar os horarios fixados, a empresa adxudicataria deberá adaptar o horario de atención ás directices que se fixen ó respecto por parte do Concello, sen modificación na facturación.

Todo elo sen prexuízo de innovacións tecnolóxicas ou de xestión que poideran ser incorporadas ao servizo e que deberan ser xestionadas pola empresa adxudicataria

4.2.6 Obrigacións de información e documentación.

Durante a execución dos traballos obxecto deste prego a empresa adxudicataria comprométese, en todo momento, a facilitar ós responsables do Concello designados a tal efecto, a información e documentación que estos soliciten para dispor dun pleno coñecemento das circunstancias en que se desenvolven os traballos, así como dos eventuais problemas que poidan xurdir e dos medios e métodos utilizados para resolvelos.

Neste sentido, o adxudicatario deberá informar ós responsables do Concello coa periodicidade necesaria sobre distintos aspectos de funcionamento e calidade dos servizos prestados. Ó respecto, será necesario presentar un informe, no formato que defina o Concello, do cumprimento dos servizos coa periodicidade que estableza o propio Concello.

Como parte das tarefas obxecto do contrato, o adxudicatario comprométese a xerar a documentación dos traballos realizados polos medios persoais do servizo, dacordo cos criterios que estableza en cada caso o Concello. Toda a documentación xerada polo adxudicatario en execución do contrato será propiedade exclusiva do Concello, sin que o contratista poida conservala nin obter copia da mesma ou facilitala a terceiros sen a expresa autorización por escrito da persoa responsable designada polo Concello.

A documentación entregada axustarase ós procedementos de xestión da documentación que estableza o Concello.

Na prestación de tódolos servizos obxecto do presente prego, e en especial no que se refire ó tratamento dos datos persoais facilitados pola Administración contratante ou polos usuarios do servizo, o adxudicatario comprométese a cumprir estritamente o que dispón a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, pola que se regula a protección de datos de carácter persoal.

A empresa adxudicataria, así como de xeito individual cada un dos compoñentes do equipo de traballo asignado, deberán responsabilizarse de que o tratamento dos datos de carácter persoal se realice dacordo cas normas de seguridade elaboradas de conformidade co que establece a Lei 15/1999 de protección de datos de carácter persoal e que non serán aplicados nin utilizados con fines distintos ós que figuran neste prego, nin os

Código Seguro de verificación:xqTUz3I90QQmAEfWU2K4Hw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo	FECHA	09/08/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	xqTUz3I90QQmAEfWU2K4Hw==	PÁGINA 31/35
			
xqTUz3I90QQmAEfWU2K4Hw==			

comunicará, nin sequera para a súa conservación, a outras persoas ou entidades.

O adxudicatario comprométese a cumprir o establecido nas directrices de seguridade do Concello de Lugo.

O licitador comprométese a gardar sxiilo e segredo profesional aínda despois de rematar a relación contractual co Concello de Lugo.

4.3 CONTROL DE CALIDADE E GARANTÍA DOS TRABALLOS.

Sen perxuicio das obrigacións asumidas na oferta do adxudicatario en relación ós acordos de nivel de servizo, o adxudicatario deberá seguir os procedementos de aseguramento da calidade existentes na prestación dos servizos obxecto do presente prego.

O adxudicatario obrígase a garantir a corrección dos traballos realizados baixo este prego durante un ano a contar dende a data de finalización do contrato, debendo realizar, sen coste para o Concello durante dito tempo, as correccións e modificacións necesarias para subsanar os erros que eventualmente poideran aparecer.

4.4 METODOLOXÍA E ORGANIZACIÓN.

Este servizo permitirá dispor dun número de teléfono de acceso á información do Concello de Lugo, a través do cal os cidadáns poderán obter información do mesmo.

Para isto, implantarase un equipo de informadores que, utilizando a infraestrutura tecnolóxica axeitada, suministre esta información e mesmo redireccione as chamadas, sen interrupción para o usuario, dacordo ás directrices que a tal efecto arbitren os responsables do servizo designados polo Concello, no caso de que a consulta así o esixa.

Así, establécense nun principio tres niveis de atención que responden ó grado de especialización requerido no servizo. Estes niveis son:

4.4.1 Primeiro nivel.

Supón a atención á demanda de información xeral, proporcionando resposta inmediata, mediante consulta ó repositorio de información ó que teña acceso o servizo, organizada según o seguinte esquema:

a) Información de carácter xeral sobre o funcionamento do Concello:

- Horarios e situación de oficinas.
- Actividades desenvolvidas e eventualidades.
- Campañas específicas.
- Transportes.

b) Información específica:

- Consulta sobre facturación e situación de recibos e impostos.
- Entrega de documentación.
- Domiciliacións, cambios de titularidade, altas e baixas.
- Tarifas e Ordeanzas fiscais reguladoras de prestación de servizos.
- Presentación de reclamacións, queixas ou suxestións.

Código Seguro de verificación:xqTUz3I90QQmAEfWU2K4Hw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.					
FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo			FECHA	09/08/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura				
ID. FIRMA	afirma.pro		xqTUz3I90QQmAEfwU2K4Hw==	PÁGINA	32/35
 xqTUz3I9000mAEfwU2K4Hw==					

- Trámites municipais.

4.4.2 Segundo nivel.

Conleva a transferencia (sen interrupción na chamada do usuario) das demandas de información que, polo seu grado de complexidade ou porque requiran unha tramitación posterior, non poden ser atendidas polo primeiro nivel, ó departamento máis axeitado dacordo cas directrices fixadas ó respecto polo Concello.

4.4.3 Terceiro nivel.

Supón a atención daquelas demandas que non poidan ser desviadas por atoparse saturados os departamentos que serían destinatarios das mesmas. Nestes casos, solicitaranse os datos de localización ó usuario (Nome, Enderezo, Teléfono de contacto) e o contido da demanda para a súa resolución por parte do Concello, e posterior comunicación ó usuario. Esta comunicación debера realizarse de xeito preferente via correo electrónico para o que a empresa debера dispoñer dos medios necesarios.

4.5 REQUISITOS DE NIVEL DE SERVICIO.

Os licitadores deberán incluír nas súas ofertas unha proposta de niveis de servicio, que deberán de acadar, como mínimo, os seguintes:

4.5.1 Niveis de Servicio.

- Porcentaxe de chamadas atendidas: 95%
- Porcentaxe de chamadas recibidas e atendidas en menos de 30 segundos: 95%
- Porcentaxe de correos electrónicos atendidos e contestados: 100%
- Porcentaxe de correos electrónicos recibidos e atendidos en menos de 24 horas (excluíndo a fin de semana): 85%
- Porcentaxe de faxes atendidos e contestados: 100%
- Porcentaxe de faxes recibidos e atendidos en menos de 24 horas (excluíndo a fin de semana): 85%

4.5.2 Efectividade do servicio.

- O 100% das demandas entrantes deben ser atendidas.
- Porcentaxe de demandas resoltas nun tempo inferior a 8 horas para un periodo establecido: 70% (este acordo manterase sempre e cando se midan únicamente actividades responsabilidade da empresa adjudicataria e non tempos de outros servicios non dependentes da mesma).
- Porcentaxe de chamadas telefónicas abandonadas: 10%
- Inconformidades de resolución: <=10%

4.5.3 Outros requisitos

Será valorable:

- A capacidade de adaptación a acordos de nivel de servicio que o Concello defina con posterioridade.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo	FECHA	09/08/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	xqTUz3I90QQmAEfWU2K4Hw==	PÁGINA 33/35
			
xqTUz3I90QQmAEfWU2K4Hw==			

- Procedementos adicionais destinados á medición da calidade do servizo proporcionado.
- Deberá ser posible asignar prioridades diferentes ás demandas efectuadas polos usuarios basándose nos distintos perfís que a tal efecto prescriba o Concello.
- A ubicación das dependencias onde se preste o servizo no entorno das dependencias municipais do edificio administrativo municipal, ronda da muralla 197. Valorandose a proximidade.

4.6 MEDICIÓN DO CUMPRIMENTO DO NIVEL DE SERVICIO

A empresa adxudicataria do concurso entregará periódicamente os informes necesarios para coñecer, de xeito unificado ou desglosado por canais, o rendimento dos operadores do Centro de Atención Telefónica ó Cidadán e os niveis de calidade acadados, atendendo ós parámetros definidos nos niveis de servizo.

A oferta do adxudicatario deberá incluír unha proposta sobre o contido e periodicidade dos informes de cumprimento do nivel de servizo.

4.7 CONTROL ECONÓMICO E FACTURACIÓN

O presuposto de licitación para a totalidade da prestación de servizos descrita no presente prego ascende a un total de **oitenta e cinco mil euros (85.000 €)**/ano, incluíndo todo tipo de honorarios profesionais e gastos, así como o Imposto sobre o Valor Engadido. A oferta presentárase por prezo/hora, de tal xeito que o prezo de referencia será: 13,71 € IVE Incluído/hora

O pago efectuarase mensualmente, previa certificación de conformidade de prestación de servizos por parte do Concello que incluíra contabilización das horas de servizo prestadas, despois da presentación da correspondente factura, debendo repercutirse de xeito independente o IVE no documento que se presente para o cobro, sin que o importe global contratado experimente incremento como consecuencia da consignación do tributo repercutido

4.8 PERÍODO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO

O período durante o cal a empresa adxudicataria deberá prestar o Servizo de Atención Telefónica ó Cidadán é de un (1) ano, con posibilidade de prorroga inicialmente por outro ano máis.

4.9 DOCUMENTACIÓN TÉCNICA A PRESENTAR.

Ademais dos datos administrativos de carácter xeral, as propostas deberán incluír os seguintes apartados na orde que eiquí se relaciona:

- Datos da empresa ofertante: estrutura, recursos humanos.
- Alcance da proposta.
- Describirase brevemente o obxecto e alcance do servizo a realizar.
- Estimación de recursos para proporcionar o servizo.

Código Seguro de verificación:xqTUz3I90QQmAEfWU2K4Hw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

Código Seguro de verificación:xqTUz3I90QQmAEfWU2K4Hw==, Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.				
FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo		FECHA	09/08/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura			
ID. FIRMA	afirma.pro	xqTUz3I90QQmAEfWU2K4Hw==	PÁGINA	34/35
 xqTUz3I90QQmAEfWU2K4Hw==				

- Solución detallada ós requisitos do prego.
- Deberase detallar o xeito en que dita solución da cobertura a cada un dos obxectivos enunciados neste prego así como o método de traballo proposto e os procedementos de verificación de cumprimento do servizo.
- Acordos de nivel de servizo ofertados, cubrindo como mínimo os enunciados neste prego.
- Plan de implantación detallado, indicando as tarefas a realizar e os seus tempos.
- Coñecementos do licitador en proxectos de xestión de centros de atención telefónica e similares.
- Outras prestacións propostas polo licitador.

6.10 INEXISTENCIA DE RELACION LABORAL

O persoal do Servizo 010 dependerá, en materia laboral, exclusivamente do adxudicatario, o cal debera cumprir as disposicións vixentes, tanto laborais como da seguridade social.

Para os efectos de control, o adxudicatario deberá remitir mensualmente unha copia dos impresos oficiais nos que conste a cotización á seguridade social e o pagamento de salarios do persoal que presta directamente o servizo."

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 42.500 euros con cargo á partida 92500.22799 do vixente Orzamento xeral de 2013 e comprometerse a habilitar crédito suficiente para o exercicio 2014 e seguintes.

CUARTO.- Aprobar a adxudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 138 e 157 e seguintes do TRLCSP

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a Acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde do Excmo. Sr. Alcalde en funcións, don Luis Manuel Álvarez Martínez, coa súa sinatura e a da Ilma. Sra. dona María del Carmen Basadre Vázquez, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local.

Código Seguro de verificación:xqTUz3I90QQmAEfWU2K4Hw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo	FECHA	09/08/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	xqTUz3I90QQmAEfWU2K4Hw==	PÁGINA 35/35
			
xqTUz3I90QQmAEfWU2K4Hw==			